


Ei! Si, ti....

de festa, non todo vale!



Non faltes á festa,
pero de festa
non faltes.

*Por unhas festas libres de
violencias machistas!*



Concello de



Oleiros



Que che quede claro que...

Non tes dereito a emitir comentarios obscenos, asubíos ou miradas intimidatorias. O seu corpo é seu e **ninguén pediu a túa opinión.**



Non dicir explicitamente **NON**, non significa dicir SI. O silencio tampouco é SI. Se dubidas se lle apetece, **pregúntalle** antes de seguir.



Non me apetece, non quero, outro día, agora non, prefiro marchar, noutro momento, hoxe estou coas amigas, déixame tranquila...

significa NON. Respecta cando che din que NON.

Se insistes, estás agredindo!



Un SI condicionado pola chantaxe
ou insistencia, **segue a ser un**
NON.



Non toques, non te roces, non biques...
**se non che dan permiso para
facelo.**



Un **NON** pode ser unha frase, mais tamén unha **expresión corporal**. Non digas que non o sabías, que non cho dixo ou que non o tiñas claro. Un rexeitamento sempre se expresa dalgunha forma.



Falar, bailar, saltar...con alguén,
non che dá dereito a tocar o
seu corpo sen o seu consentimento.
Pregunta!



Un **SI non é infinito**, en calquera momento pode cambiar de opinión.
Respecta a súa decisión.
NON INSISTAS!



Se está inconsciente, afectada polo alcol ou outras drogas, **NON hai consentimento**. Calquera tipo de práctica sexual cunha persoa cuxa consciencia está comprometida **é agresión** sexual.



Facer fotos con connotación sexual e **sen consentimento é un atentado contra a liberdade sexual** e, polo tanto, está penado legalmente.



Se agrides e te denuncian
debes saber que...
O agresor, es ti.



Se presencias ou sofres algunha agresión machista, faino saber.

Informa e busca apoio nos servizos especializados:

| | |
|---|-------------------------------|
| Emerxencias | 112 061 (médicas) |
| Garda Civil | 062 |
| Policía Local | 981 610 001 |
| Teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres | 016 600 000 016 (WhatsApp) |
| Teléfono da Muller en Galicia | 900 400 273 |



Non faltes á festa



pero de festa
NON FALTES

Sen igualdade, non hai festa!



Concello de



Oleiros